

LAUDATIO ANTÓN COSTAS COMESAÑA – 15 -4- 2024

É unha honra e unha satisfacción persoal facer a laudatio de ingreso na Real Academia Galega de Ciencias do profesor Antón Costas Comesaña. Por moitas razóns obxectivas que lles vou a contar a continuación, pero tamén polo afecto e admiración que lle profesou desde fai moitos anos.

Antón Costas Comesaña, naceu en 1.949, na Parroquia Viguesa de Matamá. Con 14 anos entrou a traballar como aprendiz nos Asteleiros Freire, de Vigo. Mentras traballaba cursou por libre Maestría Industrial e Bacherelato e, sin deixar o traballo, graduouse como Enxeñeiro Técnico Industrial na Escola de Peritos de Vigo. A Industria do Naval semellaba ser o seu destino, hasta que Xaime Illa Couto lle ofreceu entrar como Profesor Axudante na sua Cátedra de Economía e Organización Industrial, na propia Escola de Peritos e o animou despois a estudar a titulación nacente de Economía na Universidade de Santiago.

En 1.972, Antón Costas Comesaña deulle a volta á bastilla do seu futuro e marchou a estudar Economía á Universidade de Barcelona, onde se licenciou en 1.977, compaxinando estudos e traballo neste ocasión no despacho dun Axente de Cambio e Bolsa. Nesta Universidade fixo a Tese Doutoral baixo a Co-dirección de Fabián Estapé e Ernest Lluch, duas influencias académicas omnipresentes no seu desempeño posterior como investigador e seguramente como persoa. E nesta Universidade exerce como Catedrático de Política Económica desde 1.988.

XXXXXXXXXXXXXXXX

Os intereses investigadores do profesor Costas Comesaña estiveron dirixidos sempre hacia a evolución do pensamento económico, a formación das políticas públicas e o análise dos procesos de desenvolvemento, crise e reforma dos sistemas económicos. Parte dos resultados desta labor viron a luz nos máis de 50 artigos que leva publicados so na última década, tempo no que sacou ao

prelo, ademáis, 6 libros, con múltiples edicións e gran impacto, centrados no análise das crises económicas, en particular a iniciada a partir do descalabro financeiro do bienio 2008-2010 e á provocada polo Impacto Económico da Pandemia COVID en 2020. Estas monografías son:

- “Lecciones de Política Económica. Mercados, Gobiernos y Políticas” (2008).
- “La crisis de 2008. De la Economía a la Política y más allá” (2010).
- “La torre de la arrogancia. Políticas y Mercados después de la Tormenta (2011), en coautoría co meu colega da Universidade de Vigo Xosé Carlos Arias.
- “La nueva piel del capitalismo”, con XCArias (2016)
- “El final del desconcierto. Un contrato social para España” (2018)
- “Laberintos de Prosperidad”, con XCArias (2022)

Fálolles de referencias básicas, por eso quixen mencionalas explícitamente, publicadas nos 10 últimos anos, para quén queira entender as crises vividas polas sociedades avanzadas neste periodo. Hai que dispoñer dun arsenal enorme de capacidade analítica e perspicacia para alcanzar estos fitos. Un arsenal que o profesor Costas Comesaña utilizo na súa investigación coa precisión dun cirurxián, tendo sempre como liña de horizonte o escurridizo concepto do Progreso Social. O Progreso Social entendido como resultado da permanente interacción entre Mercados e Políticas, o vector que define a suma de forzas contrapostas, de intereses contradictorios que recoñecen e asumen a necesidade de encontrar unha dirección común, un Contrato Social para avanzar no Laberinto da Prosperidade inclusiva.

A Antón Costas gústalle falar do **RETORNO Á ARTE DA POLÍTICA ECONÓMICA** para identificar esta maneira comprometida e complexa de desenvolver a Análise Económica. O Progreso Social a partir de condicións básicas de Cohesión e Pacto, como fórmula para alcanzar

a estabilidade que favorece o crecemento económico, para repartir os beneficios nos bós tempos e para distribuir os riscos e custos nos malos .

É imposible asumir semellante reto investigador sin utilizar un enfoque multidisciplinar, complexo e ilustrado. Os escritos académicos, as conferencias, os escritos de divulgación do profesor Costas Comesaña caracterízanse por esta maneira caleidoscópica de analizar a realidade, con aproximacións que misturan o presente coa historia, os fundamentos teóricos coas limitacións técnicas e institucionais das políticas aplicadas, as hipóteses de futuro coa información seriada das variables económicas que caracterizan a evolución social.

Pacto Social, Cohesión Social, Economía Social. Esta é a tríada de intereses, obxectivos e motivacións que inspira o traballo do profesor Costas Comesaña. Podemos dibuxar unha liña clara de continuidade da súa investigación con autores e aportacións extraordinarias da literatura económica :

- En primeiro lugar, a idea da “Destrucción Creativa” de Schumpeter, entendida como unha Teoría do Ciclo Económico e da Innovación (Joseph Schumpeter : “Capitalismo, Socialismo y Democracia”, autor que deu a coñecer en España Fabián Estapé, o Director da Tese de Antón Costas).
- En segundo lugar, o argumento do “Estado Emprendedor”, de Mariana Mazzuucato, para entender a forza transformadora que pode ter a colaboración público-privada.
- E, en terceiro lugar, a obra monumental de Thomas Piketty, “El Capital del Siglo XXI”, como referencia exemplar do enfoque historicista, comprensivo e sabio que caracteriza o traballo de investigación do profesor Costas Comesaña.

XXXXXXXXXXXXXXXXXX

Confío en que o meu relato sintético hasta este momento lles teña permitido entender as claves da labor académica do profesor Antón Costas Comesaña. Pero falar de Curriculum Académico no seu caso é demasiado restrictivo e limitado para facerse unha idea da diversidade da súa peripecia vital e intelectual . Como dixen, foi profesor universitario, investigador, divulgador e docente recoñecido durante décadas. Pero nese tempo foi e fixo moitas máis cousas este directivo, analista, activista e promotor social, participando como experto/consultor en Comisións Oficiais de asesoramento a Gobernos e Parlamentos, desenvolvendo unha actividade moi recoñecida como columnista e divulgador, e exercendo un compromiso crecente nos diversos postos de responsabilidade que foi asumindo no transcurso dos anos nos sectores público e privado.

Entre outros moitos desempeños, Antón Costas Comesaña foi membro do Consello de Administración e do Consello Estratéxico de varias empresas, Presidente do Círculo de Economía de Cataluña durante o periodo 2013-2018,

coincidindo cos anos máis intensos do “Proceso” independentista, e na actualidade Presidente do “Consejo Económico y Social de España”, ademais de Consejero nato do Consejo de Estado. Postos e Responsabilidades que non son para él poltronas ou chanzos, senón atalaias desde as que observar millor o entramado das sociedades modernas, a complexidade dos intereses que as conforman, as causas das súas crises e as condición para o seu progreso.

XXXXXXXXXXXXX

Queridos colegas e invitados. Tiven hoxe a fortuna de avalar diante de vostedes a incorporación do membro máis egregio que podería formar parte desta Academia en representación da Economía entendida como Ciencia Social. Estou seguro de que o estilo e a sabiduría do profesor Costas Comesaña axudarán a esta Academia a cumprir millor cos fins de Ilustración e Divulgación científicas que ambiciona. Benvido, Antón, gracias por aceptar formar parte de esta Institución e moitísimos parabéns.